



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

ACTA Nº 07/2025

FOLLA Nº 1

CONCELLO DE ORDES

PROVINCIA DE A CORUÑA

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO CORPORATIVO MUNICIPAL O DIA VINTE E SEIS DE XUÑO DE DOUS MIL VINTE E CINCO.

En Ordes, a vinte e seis de xuño de dous mil vinte e cinco.

Na Sala de Conferencias, Baixos da Alameda, rúa Xoxardo, Ordes, reúnese en primeira convocatoria a Corporación Municipal en Sesión Ordinaria, baixo a Presidencia de D. JOSÉ LUIS MARTÍNEZ SANJURJO, Alcalde-Presidente, e coa asistencia dos Srs. Concelleiros.

- D^a. ANA MARÍA SONEIRA LIÑARES
- D. JOSE ANTONI CABEZA FRAGA
- D. ABEL BLANCO VIQUEIRA
- D^a. SUSANA GARCÍA GÓMEZ
- D^a. YESSICA LÓPEZ VARELA
- D. JOSÉ MANUEL RODRÍGUEZ MÉNDEZ
- D. PABLO VÁZQUEZ CANDAL
- D^a. ALBA VILARIÑO NOGAREDA
- D. PABLO VIDAL RÍOS
- D^a. MARIA VIEITES CALVO
- D. AVELINO CANDAL FARIÑA
- D. GONZALO VEIRAS CARNEIRO
- D. MANUEL ANTONIO VILLAVERDE REY
- D^a. MARÍA CONCEPCIÓN BERDOMÁS GARCÍA
- D^a. NOELIA RIVADAS LÓPEZ

Non asiste:

- D^a. MARIA MARTÍNEZ VIEITES

Asiste o Sr. Secretario da Corporación D. Juan Luís González Iglesias, que dá fe do acto.

Aberta a sesión e declarada pública pola Presidencia ás dezanove horas e trinta minutos, previa comprobación do quórum de asistencia preciso para que poida ser iniciada, procedéndose a coñecer dos asuntos incluídos na orde do día.

1. APROBACIÓN ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Polo Sr. Alcalde-Presidente procédese a preguntar aos demais membros da Corporación se teñen algo que obxectar á acta da sesión ordinaria de data 29 de maio de 2025, cuxa minuta foi distribuída coa convocatoria, todo isto ao abeiro do disposto no art. 91 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Polo Sr. Alcalde indícase que no punto terceiro, No comezo da súa intervención de exposición dos orzamentos para 2025 mencionou incorrectamente a cifra do orzamento para 2025.

Onde di:

.../...

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que se presenta neste pleno ordinario de maio os orzamentos municipais do Concello de Ordes para o exercicio en curso, ano 2025, que ascenden á contía de **13.382.964,33 €** en ingresos e gastos (...).

.../...

Debe dicir:

.../...

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que se presenta neste pleno ordinario de maio os orzamentos municipais do Concello de Ordes para o exercicio en curso, ano 2025, que ascenden á contía de **13.585.428,97 €** en ingresos e gastos (...).

.../...

A acta da sesión ordinaria, de data 29 de maio de 2025, resultou aprobada por maioría de catorce votos a favor, coas abstención do Sr. Veiras Carneiro e Sra. Rivadas López, sendo dezasete o número legal de membros da Corporación, coa corrección sinalada polo Sr. Alcalde.

2. INFORMES DA ALCALDÍA.

Polo Sr. Alcalde infórmase da sinatura no día de hoxe da escritura pública de adquisición polo concello de Ordes dos terreos do campo de fútbol de Mesón do Vento.

Polos Srs. Concelleiros danse por decatados.

3. APROBACIÓN PROVISIONAL MODIFICACIÓN Nº 2 DO REGULAMENTO DE HONRAS E DISTINCIÓNS DO CONCELLO DE ORDES.

Expediente de modificación do Regulamento de honras e distincións do concello de Ordes (**Expdte. 2025/G014/000001**).

Visto o ditame da Comisión Informativa Permanente de Asuntos Xerais do Pleno, de data 20/06/2025.

Visto informe do Secretario municipal.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén a Sra. Berdomás García, voceira do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que como dixeron na Comisión Informativa, todo o relacionado coa cultura ten o seu apoio e sobre todo neste caso cando xa hai unha persoa que reúne os requisitos para ser nomeado como tal en recoñecemento do traballo que xa ven desenvolvendo. Moitas veces o traballo cultural non é moi gratificante, moito máis cando esta relacionado con algo tan específico como é a cultura dun pobo ou dunha zona tan pequena.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que aprecian un erro no artigo cinco, cando se falla que corresponde ao cronista oficial do concello de Ordes investigar, divulgar o pasado desta localidade, sendo mellor que indique divulgar o pasado deste concello. Fan este apuntamento para se a corporación o ten a ben se incorpore ao texto definitivo da modificación deste regulamento.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que está ben que se faga esta corrección. Como apunta a voceira o PSOE, a raíz da presentación do seu libro o pasado día 28 de febreiro, a proposta que se traerá aquí será que sexa nomeado cronista oficial Francisco Sandoval Vereas, unha vez entrada en vigor esta modificación e tramitado o correspondente expediente.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal en votación ordinaria, por maioría de dezaseis votos a favor (9 grupo político PP, 5 grupo político BNG, 2 grupo político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

1º.- Aprobar inicialmente a modificación do Regulamento de honras e distincións do concello de Ordes, cuxo texto modificado foi ditaminado pola Comisión Informativa Permanente de Asuntos Xerais do Pleno.

2º.- Abrir un trámite de información pública durante un prazo de trinta días, dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente na Secretaría municipal e presentar as reclamacións que estimen oportunas, publicándose o anuncio de exposición no BOP e no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica do Concello.

3º.- Rematado o período de información pública, adoptarase o acordo definitivo que proceda, resolvendo, no seu caso as reclamacións presentadas contra o texto do regulamento.

No caso de que non se presenten reclamacións, entenderase definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de novo acordo plenario.

4. DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS E DECRETOS DA ALCALDÍA.

En cumprimento do disposto no art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, a Presidencia da conta das resolucións e decretos de Alcaldía adoptados dende a última sesión ordinaria celebrada o día 29 de maio de 2025, para que os Srs. Concelleiros coñezan o desenvolvemento da administración municipal, aos efectos de control e fiscalización dos órganos municipais de goberno, previsto no art. 22.2.a da Lei 7/1985 de 2 de abril e art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

5. MOCIÓNS.

Concluído o exame dos asuntos incluídos na orde do día e antes de pasar á quenda de rogos e preguntas o Sr. Alcalde-Presidente pregunta se algún grupo político desexa someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a convocatoria nos termos establecidos no art. 34.2 do Regulamento Orgánico Municipal e que non teña cabida no punto de rogos e preguntas.

Polos grupos políticos non se presenta, por razóns de urxencia, moción algunha.

6. ROGOS E PREGUNTAS.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Ao abeiro do disposto no art. 21 do Regulamento Orgánico Municipal, o Sr. Alcalde-Presidente abre unha quenda de rogos e preguntas, dirixíndose aos Srs. Concelleiros por se desexan intervir neste sentido, sinalando que as preguntas formuladas polos Srs. Concelleiros serán contestadas polo seu destinatario na sesión seguinte, sen prexuízo de que o preguntado queira darlle resposta inmediata.

Primeiramente ábrese unha quenda de formulación de rogos polos distintos grupos políticos e concelleiros.

Intervén a Sra. Berdomás García, voceira do grupo político PSdeG-PSOE, que formula os rogos seguintes:

- Tras recibir avisos da veciñanza de Pereira sobre o estado da zona verde situada a carón do río, onde a herba está alta e non permite o uso das mesas e barbacoas, e tendo en conta que se trata dunha zona de descanso para os peregrinos.

Solicitamos ao señor Alcalde:

A elaboración de un plan de mantemento e conservación de todas as áreas verdes de lecer do Concello para o máximo uso e desfrute da veciñanza.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que este mantemento xa existe, pode pasar a velo cando queira. Esta área xa foi obxecto de limpeza dúas veces este ano. Hai un plan continuo.

Intervén a Sra. Berdomás García, que sinala que estas áreas que están tan próximas ao camiño inglés, que teñen vexetación, sombra, hai que ter un pouco máis de coidado con elas.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que os recursos humanos dan para o que dan.

- Recentemente estiveron sacando madeira dos montes de Sar e a calzada quedou danada. A pesar da reparación que se fixo posteriormente o estado do firme continúa con visibles desperfectos.

Solicitamos ao señor Alcalde:

Que se repare o firme.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que pola empresa de bacheo municipal fíxose unha pequena emenda na zona máis danada. Esta requirida a empresa madeireira, xa ten contratada a actuación estando pendente de execución.

Intervén a Sra. Berdomás García, que sinala que hai unha zona na que se fundiu un pouco a arqueta.

- O espello que había en Adrán para facilitar a incorporación á estrada leva xa un tempo roto como se pode observar nas imaxes.

Solicitamos ao señor Alcalde:



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Que se repoña á maior brevidade.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que non lle cadra a data das imaxes. Este espello foi restituído o día 08/05/2025.

- Na senda peonil de Ordes á Calle de Poulo aparece de forma reiterada lixo, botellas, latas, bolsas, etc incluso dentro da marquesiña de transporte escolar. Entendemos que o motivo é que non hai instaladas papeleiras o longo do recorrido.

Solicitamos ao señor Alcalde: - Que se instalen elementos de recollida de lixo.

Intervén a Sra. Soneira Liñares, concelleira delegada de medio ambiente, que sinala que non se pode colocar unha papeleira porque os varrendeiros non chegan ata alí para o seu baleirado, hai contedores cerca.

Intervén a Sra. Rivadas López, en representación do grupo político PSdeG-PSOE, que formula os rogos seguintes:

- A senda situada a carón da Fonte da Us, en Leira, volve atoparse chea de restos vexetais, impedindo o tránsito das persoas pola mesma.

Solicitamos ao señor Alcalde:

Realizar labores de limpeza en dita senda.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que non se trata dunha senda, é unha cuneta para a recollida de pluviais. Hai un plan de accións para os tratamentos, vaise facer de maneira puntual cando corresponda.

- A veciñanza de Parada manifestou o seu malestar pola supresión do coñecido como 'Camiño da Fonte'. A pesares de que este se identifica nos planos, na actualidade non existe posibilidade de paso.

Solicitamos ao señor Alcalde:

Que se interveña para solucionar o problema e recuperar o paso do Camiño da Fonte.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que hai unha contradición no seu rogo, incorpora o plano dos camiños públicos. Non é un camiño, é unha zona de baldío que non se sabe cal é a súa titularidade. Non aparece recollido dentro do inventario municipal. Se o ten a ben fale coa veciñanza para que pasen polo concello cos títulos de propiedade e veremos a quen lle corresponde.

- Durante esta semana observouse a saída de auga polo rexistro que figura nas imaxes, situado no Parque da Constitución.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Ían solicitar ao señor Alcalde que se solucione dita incidencia. Xa verificaron que está solucionado o problema

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que o que había era unha fuga no medio da praza, a auga baixaba por diante da arqueta que mencionan no rogo.

- A sinalización vertical do paso de peóns situado na Rúa dos Lagartos está estragada, dificultando a súa identificación.

Solicitamos ao señor Alcalde:

Que se repoña dita sinalización.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que tómase en consideración

Intervén o Sr. Veiras Carneiro, en representación do grupo político BNG, que formula os rogos seguintes:

- Na aldea do Carballo (Pereira) no cruce indicado na imaxe inferior, as gabias e as tubaxes non permite a correcta evacuación da auga e esta (xunto co barro) remata sobre o firme da pista asfaltada, provocando situacións de perigo.

É polo que instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

Se proceda á limpeza das citadas gabias e das tubaxes.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que se toma en consideración.

Intervén o Sr. Candal Fariña, en representación do grupo político BNG, que formula os rogos seguintes:

- A pista que enlaza o núcleo de A Brea co fondo do núcleo da Piolla, bordeando o núcleo da Adina, atópase moi deteriorada, tal e como pode apreciarse nas fotografías que se achegan a continuación.

Outro tramo que presenta bastante falta de amañar, témolo no acceso ao colexio do Mesón do Vento, presentando o estado que amosan as seguintes fotografías.

É polo que instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

A que se proceda co amaño das citadas pistas.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que pistas deterioradas hai moitas no termo municipal. Son 723 Qm os que temos no rural e outros 80 Qm no solo urbano e de núcleo rural. O arranxo con aglomerado da N-550 Adina a A Brea son 230.000 euros, a estrada de Buscás ao CEIP son 34.000 euros. Os fondos son os que son, estase actuando como todos os ano coa campaña de bacheos, facendo o posible para que queden o mellor posible e ir gañando un



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

pouco de tempo ata que a dispoñibilidade de fondos dos plans permita actuar en cada unha delas. Ningunha destas actuacións que reclaman se inclúen nas súas propostas do POS+ ou orzamentos figurou en ningún momento, resulta un pouco contradictorio.

Intervén o Sr. Candal Fariña, que sinala que lle gusta a súa sinceridade recoñecendo que as súas actuacións non van dirixidas ao arranxo das pistas do concello.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que son vostedes os que presentaron propostas nas que non propoñían o arranxo de ningunha pista do termo municipal. É o lamentable.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que formula os rogos seguintes:

- A pista de acceso ao Punto Limpo, atópase moi deteriorada, tal e como pode apreciarse nas fotografías que se achegan a continuación

É polo que instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

A que se proceda co amaño da citada pista.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que a resposta é a mesma, vaise actuando segundo se pode, mentres tanto lévase a cabo un bacheo oportuno e correspondente.

- Recentemente, o goberno municipal enviou numerosas comunicacións, indicando que están suxeitos á obtención de licenza municipal, o acceso de vehículos ao interior de inmobles cando sexa necesario cruzar beirarrúas ou outros bens de dominio público e uso público, ou que supoña un uso privativo ou unha especial restrición de uso que corresponda a toda a cidadanía respecto de todos os bens, ou impida o estacionamento ou parada doutros vehículos na fronte pola que se realiza o acceso.

Indícase así mesmo que as licenzas que se concedan ao abeiro da citada normativa, denominaranse vaos, e terán como finalidade exclusiva a de permitir o acceso e saída de vehículos do inmoble ou recinto á vía pública.

Na referida misiva do alcalde, aconsellase á veciñanza solicitar, no prazo dun mes desde a recepción da mesma, a correspondente autorización municipal no concello para preservar o dito espazo, advertindo de que a inexistencia de autorización, permitirá a intervención policial para interpor as sancións competentes en materia de tráfico.

Desde o BNG creemos que antes de enviar comunicacións á veciñanza, ameazando ademais con impor sancións se non se paga, deberase en primeiro lugar, manter un debate sobre a necesidade de revisar o contido da ordenanza fiscal nº 11, reguladora da taxa por entrada de vehículos e vaos permanentes, avaliando os distintos casos que se presentan no noso concello, e valorando a necesidade ou non de aplicar unha taxa.

Por exemplo:

¿Ten sentido que custe o mesmo un vao con reserva de espazo público para estacionamento, que outro que non precisa a reserva de dito espazo por non estar permitido o estacionamento por dita marxe da vía pública ou por atoparse nunha rúa peonil?.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

É polo que instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

A impulsar unha revisión e modificación da ordenanza fiscal nº 11, reguladora da taxa por entrada de vehículos e vaos permanentes, que contemple as distintas casuísticas que se dan no noso concello.

A aplicar unha moratoria sobre o prazo dun mes establecido na misiva do alcalde enviada á veciñanza, ata que se proceda coa revisión e modificación proposta no punto anterior.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que é un pouco contradictorio o que trae aquí. Primeiro hai que ser un pouco consecuentes cando se ocupa un cargo público, todos os veciños teñen que ser exactamente iguais. Dende fai un tempo vense detectando que non so no caso dos vaos, tamén na auga, no lixo, incluso na ata de vivendas a efectos do IBI, que hai unha desigualdade evidente entre os veciños que tributan de acordo ás normas e outros que non o fan. Esta revisión iniciouse a comezos do ano 2024, cando se fixo a comprobación xa se foi concienciando á veciñanza a través da policía local que foi quen fixo a mesma. Hai moitos veciños que criticaban, con toda a lóxica do mundo, que eles tiñan que pagar e outros non o facían, facendo o mesmo uso da vía pública como eles. Isto que non poden permitir. Hai exemplos en todas e cada unha das rúas do casco urbano municipal. A revisión da modificación da ordenanza fiscal que propón non procede segundo a lexislación de facendas locais, sería unha ilegalidade. Segundo a súa lóxica pode ser, segundo a realidade non é así. Segundo informe da intervención "Tendo en conta que o feito impositivo e, como consecuencia, a utilización do dominio público é a mesma, non ten sentido e sería discriminatorio a non suxeición ou fixación dunha cota tributaria (tarifa) distinta no art. 6 da OFN11 entre rúas onde está permitido o estacionamento e onde non estea permitido, ou sexa unha rúa peonil, tal e como xa indicamos nos parágrafos anteriores". Hai sentencias dos tribunais que avalan esta interpretación. Compre facer esta revisión do padrón para que todos os nosos veciños sexan exactamente iguais na aplicación desta ordenanza fiscal. Ningunha alta de oficio no padrón se levará a cabo antes do 1 de outubro de 2025, incluso antes do 1 de xaneiro de 2026. Está pendente facer unha análise polos habilitados nacionais, se se considera xusto e necesario, e existe un fundamento legal que permita diferenciar entre o solo urbano de Ordes e o solo urbano de Mesón do Vento. Neste caso si procedería unha modificación desta OF antes do 1 de xaneiro de 2026. Polo Sr. Secretario vai aclararlle a súa proposta e vexa que non pode ser.

Intervén o Sr. Secretario, que sinala que a xente pensa que cando solicita un vao é coa finalidade de que non se lle aparque diante da porta, o que é erróneo. A taxa que se paga é pola utilización da vía pública. A xurisprudencia do Tribunal Supremo fixo unha interpretación para aclarar que se considera utilización da vía pública. As persoas que dende a vía pública a través da beirarrúa teñen que acceder a un garaxe fan un uso intensivo da vía pública, que é o que determina o feito de pago da taxa, con independencia de se nesa vía pública existe unha liña amarela ou se trata dunha rúa peonil. Por iso todas esas persoas están suxeitas ao pago da taxa de vaos.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que ao final o que están a propor é impulsar unha modificación, non din como nin de que xeito. Se se analiza a pregunta que se fai, pode existir unha taxa diferenciada por utilización da vía pública cando non hai necesidade de reserva de espazo público fixando un importe distinto cando se cruce esa vía pública para acceder a garaxe que ademais precise dunha reserva de espazo público de estacionamento. Ten que ser a mesma taxa así por que si.

Intervén o Sr. Secretario, que sinala que o concepto é a utilización da vía pública, non hai que fixarse en se hai unha limitación de aparcamento para acceder a través da beirarrúa. En ambos dous casos hai unha maior utilización da vía pública que a que fai un vehículo que so circula pola vía pública.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Intervén o Sr. Alcalde, que este é un traballo que se ven facendo dende o 2024, concienciando a todo o mundo. A moratoria da que fala na maioría dos casos vai a ser ata o 1 de xaneiro de 2026. O que se está a pedir nestes momentos é que a xente se poña ao día no padrón da taxa.

- Tal e como se amosa na fotografía seguinte, no núcleo da Agrela, na parroquia de Parada, existe un sinal de STOP caído.

É polo que instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

A proceder coa reposición do citado sinal.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que xa está repostado.

- Están a acometerse obras nas beirarrúas que dan acceso ao recinto do tanatorio municipal desde a estrada DP-5903 na zona do Valado.

Hai varios tramos da beirarrúa nos que existe un risco considerable de caída a cara parcelas que presentan unha notable diferenza de cota entre as rasantes.

Unha vez consultado o proxecto, este grupo municipal puido comprobar que no mesmo, non se prevé a dotación de varandas para protexer a caída nesas zonas, contemplando unicamente a colocación dun bordo de 20 cm de altura nalgunhas partes.

É polo que instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

A dispor das varandas precisas nas beirarrúas do acceso ao recinto do tanatorio municipal para evitar o risco de caída en zonas que presentan un desnivel considerable coas parcelas lindeiras.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que viu a documentación municipal, hai unha necesidade urxente de reposición destas beirarrúa, colocar dous pasos de peóns que permitan a súa comunicación. É o que está contratado e en execución. Verase de acordo coa dirección de obra se de acordo coa normativa procede a súa colocación.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que existe un desnivel de metro, metro e medio. Entende que procede a súa colocación por que en caídas de máis de 0,55 m xa teñen que ter unha varanda, para evitar problemas o mellor é colocalas canto antes.

Por último ábrese unha quenda de formulación de preguntas polos distintos grupos políticos e concelleiros.

Intervén a Sra. Rivadas López, en representación do grupo político PSdeG-PSOE, que formula as preguntas seguintes:

- Dende fai unhas semanas, é público o Informe de Fiscalización da Conta Xeral das Entidades Locais de Galicia do Exercicio 2023, elaborado polo Consello de Contas de Galicia a partires dos datos proporcionados polas propias entidades locais.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

O documento reflexa, entre outras cuestións, o gasto social de cada un dos Concellos galegos. No caso do noso municipio, o gasto social por habitante foi de 4,56 euros por habitante o que supón o posto 296 dos 301 concellos galegos dos que se dispón de datos.

Se analizamos a situación comarcal os datos dos Concellos son os seguintes (de maior a menor investimento por habitante):

- Mesía: 259.19 euros/habitante
- Cerceda: 213.33 euros/habitante
- Tordoia: 207.31 euros/habitante
- Trazo: 144.79 euros/habitante
- Oroso: 102.71 euros/habitante
- Frades: 28.38 euros/habitante

Esta realidade analizouse, entre outros medios, no diario dixital 'Praza.gal' inidicando que Ordes é o único Concello de máis de cinco mil habitantes con rexistros tan baixos. Neste sentido, soamente teñen investimentos inferiores os concellos de San Amaro, Leiro, Beariz, Pontedevea e O Irixo.

É polo que preguntamos ao señor Alcalde:

¿Que valoración fai o goberno local destes datos?.

¿Existe vontade por parte do goberno local de mellorar esta situación?.

¿Sintese vostede orgulloso da xestión económica no eido social que consegue situarnos á altura de concellos de menos de 1500 habitantes como San Amaro, Leiro, Beariz, Pontedevea e O Irixo?.

Intervén a Sra. García Gómez, concelleira delegada de política social, que lle pregunta se de verdade cree isto. Fixo as contas do que son 4,56 € por 12600 habitantes que había no ano 2023. Vostede cree que con 56-58.000 euros realmente se poden levar a cabo os servizos sociais, fixo as contas. Non será por que todos os servizos sociais de Ordes están delegados na Mancomunidade.

Intervén a Sra. Rivadas López, que sinala que os demais concellos tamén teñen delegados os servizos sociais.

Intervén a Sra. García Gómez, que sinala que non como o concello de Ordes. Nesta comarca os únicos concellos que teñen delegados a totalidade dos servizos sociais básicos na Mancomunidade son Frades e Ordes, o resto so teñen delegados os servizos sociais específicos. O concello de Trazo ten os seus traballadores sociais, educadores, técnicos de igualdade, Cerceda, Oroso, Mesía igual. Xa llo explicou moitas veces con estes 4,56 € financiouse unicamente en 2023 o curso de habilidades que se imparte en Mesón do Vento, que costea directamente o Concello e gastos de conciliación. Non se inclúe a escola infantil, a residencia de maiores. Todas as achegas da Xunta de Galicia, da Deputación Provincial ao concello de Ordes para os servizos sociais van directamente á Mancomunidade. No ano 2023 o concello de Ordes transferiu a Mancomunidade 330.000,00 euros, para un gasto total de 650.000 euros. No ano 2024 o concello de Ordes incrementou esta transferencia nun 67%, aportando 580.000 euros á Mancomunidade de fondos propios. No orzamento para 2025 inclúese unha transferencia á Mancomunidade por importe de 751.000 euros. Fagan as contas. Estas cifras non as cree ningún.

- En relación á Oficina de Turismo, situada no edificio do Concello:



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

¿Existe algunha indicación, no termo municipal, que dirixa ás persoas interesadas a este recurso?.

¿Cantas persoas se atenden de media ao ano?.

¿Cales son as demandas máis frecuentes das persoas visitantes neste punto informativo?.

¿Que material se ten a disposición para entregar ás persoas visitantes?.

Intervén a Sra. López Varela, concelleira delegada de turismo, que sinala que o Concello non conta cunha oficina de turismo como tal como se pode comprobar no portal de turismo da Xunta de Galicia. Non existe unha oficina de atención continuada, en base aos recursos dispoñibles a través do Departamento de Cultura apórtase información sobre diferentes temáticas, aténdense unhas 50-60 persoas ano. As demandas máis frecuentes son información sobre lugares de intereses turístico e patrimonial, consultas sobre roteiros de sendeirismo e natureza, eventos culturais e festas locais, arte urbana, suxestións sobre establecementos de restauración, transporte público e como desprazarse pola zona. O material do que se dispón son mapas do termo municipal, casco urbano, folletos sobre arte urbana, roteiros, mostra do Traxe Juanjo Liñares, produtos gastronómicos, información sobre o Camiño Inglés.

- Esta mesma semana observouse a promoción dunha entidade privada a través das redes sociais do noso Concello.

É polo que preguntamos:

¿A que se debe isto?.

Intervén a Sra. Soneira Liñares, concelleira delegada de deportes, que sinala que se trata dun clube deportivo, igual que calquera outra asociación deportiva. Calquera clube de Ordes que quere promocionar a súa actividade sempre se vai a colaborar na súa publicidade.

- O pasado 12 de xuño fomos testemuñas dun novo fallo no alumeadado público na vila. Son varias as ocasións nas que, incidencias deste tipo, son tratadas no pleno municipal. A pesares de que o goberno sempre alude a causas puntuais, os veciños e veciñas somos conscientes de que se trata dunha problemática recorrente nas nosas rúas.

É polo que preguntamos ao señor Alcalde:

¿Pode explicar a causa do fallo no alumeadado público na zona da AC-524 o día 12 de xuño?.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que foi unha cuestión puntual por unha tormenta dunha noite.

Intervén o Sr. Villaverde Rey, en representación do grupo político BNG, que formula as preguntas seguintes:



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

- Desde o BNG de Ordes levamos traendo a este pleno a importancia dos taboleiros de anuncios, sendo estes nas parroquias, fundamentais. No pleno do pasado mes de marzo, trouxemos a proposta da instalación dun taboleiro na parroquia de Montaos, no cruce que vai cara Fosado desde a N550.

É polo que preguntamos ao Sr. Alcalde o seguinte:

¿Vaise colocar finalmente dito taboleiro?.

Se non é así, ¿cales son as razóns?.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que cree que xa se lle informou, pero non os quere entender. Art. 37 da Lei de estradas do estado, título XIII ordenación do sistema viario estatal PXOM, normativa urbanística art. 13.1.4, non é viable, non é autorizable. Xa lle dixo no seu momento que falou o concelleiro delegado de obras co vixilante de zona a raíz dos carteis que colocaron vostedes que non se podían colocar. Se vostede o quere intentar a ver se o consegue, faga o que estime oportuno. O concello non vai a por nada alí sen autorización. Non pode ser. Non insista no mesmo. A normativa PXOM prohibe expresamente colocar este tipo de carteis publicitarios dentro da rede de estradas do estado e na súa área de influencia.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que formula as preguntas seguintes:

- O concello de Ordes ten mancomunados co concello de Frades os servizos sociais.

De cara a efectuar un seguimento sobre o funcionamento do servizo no ámbito correspondente ao concello de Ordes, preguntamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

¿A canta xente se está a atender na actualidade en cada un dos programas?.

¿Existen listas de agarda?.

De existiren, ¿Canta xente está agardando actualmente para dispor do servizo?.

¿Canto é o tempo medio de espera nestas listas de agarda?.

Intervén a Sra. García Gómez, concelleira delega de política social, que sinala que no Programa xantar na cas na actualidade hai 7 persoas usuarias do servizo hai prazas baleiras. Programa de teleasistencia tramítase no caso de valorar a urxencia do servizo, 16 usuarios do servizo, pendente unha resolución pola Deputación Provincial. Programa de valoración, orientación e información, servizo municipal de atención básico, prazo de atención de sete a quince días, salvo casos urxentes a atención é inmediata. Ano 2024 atención de 384 usuarios, no que se leva do ano 2025 114 usuarios atendidos. Programa de educación familiar actuación con 25 familias, non hai lista de agarda. Programa básico de inserción social diminuíu bastante a renda de inclusión social, en Ordes hai 5 beneficiarios, hai unha solicitude pendente de resolución. Servizo atención temperá atención no 2025 206 persoas, 184 en activo, 22 altas, lista de agarda de 66 persoa. Programa de axuda no fogar, dúas vías de acceso, libre concorrencia e dependencia. SAF de libre concorrencia para situacións de urxencia 24 usuarios aos que se lle están prestando 1.882 horas, hai presupostadas 5.500 horas anuais. No ano 2024 atendéronse 33 usuarios facturándose 5.692 horas. SAF de dependencia a solicitude é inmediata dende que entra dende os servizos sociais, se ven o prazo que establece a Xunta de Galicia para a súa resolución, realmente este é de un ano ou ano e medio. Unha



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

vez resolta o grao de dependencia e a idoneidade do SAF entra na lista do PAR. Na lista do PAR o concello de Ordes e Frades están xuntos, elabórase pola Xunta de Galicia e se actualiza cada mércores con prioridade de graos (I, II, III). Actualmente hai asignadas mensualmente 6.270 horas, 45.000 horas/ano. Todos os graos II e III están cubertos. Acaban de pedir 200 horas/mensuais máis cun custe de 56.000,00 euros. Ano 2025 atención total de 80 usuarios cun aumento as horas por grao. En lista de PAR a día mércores desta semana hai 93 persoas. Non pode diferenciar entre Frades e Ordes. Hai moitos graos I que xa se lles solicitou tamén a libranza. Unha vez que se concede o bono de libranza cae da lista PAR. Pode pasarse a falar coa traballadora social mancomunada que lle explicará todo isto en detalle. Pide aos dous partidos da oposición que reivindicuen ao goberno de España o financiamento destes servizos que está soportando a administración local con fondos propios. O que se inviste en SAF podería ser investido en moitos máis servizos no eidos social, que se cumpra o que establece a lei de dependencia que é unha financiación estatal do 50 %. Está moi ben facer lei sen a correspondente dotación orzamentaria.

Intervén o Sr. Alcalde, que o Estado débelle 2.600 millóns de euros á comunidade autónoma de Galicia.

E non habendo máis asuntos que tratar segundo a orde do día da convocatoria, o Sr. Alcalde-Presidente levanta a sesión, sendo ás vinte horas vinte e seis minutos do día ao principio sinalado, e para constancia do que se tratou e dos acordos adoptados, estendo a presente acta, que como Secretario certifico.

O ALCALDE-PRESIDENTE
José Luis Martínez Sanjurjo
(asinado dixitalmente)

O SECRETARIO
Juan Luis González Iglesias